

D I T A M E

Ditame
8/08

sobre o anteproxecto de
Lei do imposto
sobre o dano **medioambiental**
causado por determinados
usos e aproveitamentos
da **auga embalsada**



A P R O B A D O P O L O P L E N O O 3 0 D E S E T E M B R O



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 30 de xullo de 2008 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de lei do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 2 de setembro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº1 para o 4 de setembro de 2008, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 09/08, de data 24 de setembro, acorda aprobar a proposta de ditame e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 6/08, de 30 de setembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada.

ESTRUTURA E CONTIDO

O imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada, creado no anteproxecto de lei sometido a ditame, ten como finalidade, por unha banda, compensar os efectos negativos a que se encontra sometido o entorno natural de Galicia pola realización de actividades que afectan ao seu patrimonio fluvial natural e, por outra, reparar o dano medioambiental causado polas devanditas actividades.

O presente anteproxecto de lei estrutúrase en 21 artigos contidos en tres capítulos, que, respectivamente, recollen as disposicións xerais, os elementos do imposto e as normas para a súa aplicación, para rematar con catro disposicións finais.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES avalía positivamente a oportunidade do anteproxecto de lei, que somete a tributación os efectos medioambientais consecuentes á realización de actividades que empregan augas embalsadas.

Igualmente, o CES valora que, no anteproxecto de lei, se recollan as recomendacións da Unión Europea de acción comunitaria en materia de medio ambiente, mediante o fomento de medidas fiscais como son os impostos relacionados coa mencionada materia.

O Consello Económico e Social entende acertada a remisión, xunto co texto do anteproxecto de lei, dunha Memoria con ampla información sobre os diferentes aspectos a considerar en relación co dito anteproxecto. Particular mención positiva merece o estudo económico-financeiro que acompaña á Memoria como Anexo I.

2.- Da análise do texto detéctase algún erro en canto ao uso correcto da normativa lingüística (v.gr. no 7º e no derradeiro parágrafo da exposición de motivos, e nos artigos 4, 6 e 7), polo que o CES recomenda someter a revisión o texto do anteproxecto.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O CES considera que no remate da **Exposición de motivos** do anteproxecto, debería facer constar que o mesmo foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

2.- O **artigo 8** do anteproxecto de lei regula o período impositivo e o devengo.

O CES considera que no inicio do apartado 3 deste artigo, a expresión “*Sen prexuízo do disposto no punto 1*”, debería substituírse por “*Sen prexuízo do disposto no apartado 1*”.

3.- A **Disposición Final Primeira** modifica a redacción do artigo 15 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica.

Mediante esta disposición preténdese a modificación doutra lei, a do imposto sobre a contaminación atmosférica, que non está directamente relacionada coa finalidade deste anteproxecto. O CES entende que esa modificación debería ter unha tramitación propia, separada deste anteproxecto, ou ben, dado o seu alcance, incorporarse á lei de orzamentos xerais do próximo exercicio.

4.- A **Disposición Final Segunda** habilita a que por medio da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia se poida modificar calquer elemento do imposto.

O CES considera que a habilitación para modificar “calquer elemento do imposto” mediante a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, tendo en conta que podería supoñer a revisión de calquer aspecto do Capítulo II do anteproxecto de lei, resulta demasiado aberta. Así como existen elementos nese Capítulo que razoablemente poderían ser obxecto de modificación

pola vía proposta no anteproxecto, outros elementos básicos na configuración do imposto que se conteñen no mesmo Capítulo II, deberían ser obxecto no seu momento, a xuízo do CES de Galicia, dunha tramitación autónoma como anteproxecto de lei de reforma do imposto.

5.- A Disposición Final Terceira habilita á Consellería competente en materia de facenda para desenvolver regulamentariamente a Lei mediante orde.

O CES, en relación con esta disposición, comparte o indicado pola Asesoría Xurídica Xeral no seu informe sobre o anteproxecto.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2008

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano

VOTO PARTICULAR

VOTO PARTICULAR QUE PRESENTA

A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

A Confederación de Empresarios de Galicia non pode emitir unha valoración positiva sobre a iniciativa da creación do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada, polos motivos que se enumeran seguidamente:

a) Inoportunidade da norma.

A nova figura impositiva que crea o anteproxecto obxecto do presente ditame baséase, entre outros principios, no da interiorización polos axentes económicos dos custos medioambientais producidos pola utilización da auga embalsada, cando constituía un dos elementos produtivos da súa actividade económica, o que ocasiona un problema de competitividade para as industrias instaladas en Galicia fronte ás situadas noutras comunidades autónomas, pois incrementa o seu custo de xeración.

O propio Tribunal Supremo recoñeceu recentemente que os sobrecostos sobre as actividades eléctricas provocados polas disposicións autonómicas deben incorporarse nas tarifas eléctricas, polo que en definitiva este imposto minguará en termos relativos a competitividade da industria en Galicia, aspecto que debe merecer unha reflexión máis profunda e crítica se temos en conta o escenario económico actual.

Non cabe esquecer que en todos os casos se trata da utilización dun ben público para a prestación dun servizo necesario para a comunidade, pois como sinala o propio Ministerio de Industria na súa “Planificación dos sectores de electricidade e gas 2008-2016” (Subdirección Xeral de Planificación Enerxética):

"O forte aumento previsto da xeración de tipo intermitente débese complementar coa posta en servizo de xeración de arranque rápido (inferior a unha hora) e sistemas de almacenamento: turbinas de gas, equipos de bombeo puro e aumento da potencia instalada en centrais que dispoñan de encoros de regulación".

Polo tanto, non é razoable establecer un tributo novo sobre unha actividade que, como se observa, debe ser fomentada debido ás necesidades do conxunto do sistema eléctrico.

b) Falta de xustificación do fin extrafiscal.

O Anteproxecto de lei do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada **pretende gravar a realización de actividades industriais mediante o uso ou aproveitamento da auga embalsada**, cando o devandito uso ou aproveitamento altere ou modifique substancialmente os valores naturais dos ríos e, en especial, o caudal e a velocidade da auga na súa canle natural (art. 6.1 da norma proxectada).

A norma proxectada non ten en conta que os encoros son beneficiosos para o medio, tanto pola función que cumpren de regulación das augas como pola súa contribución á redución de gases de efecto invernadoiro na produción de electricidade, estando incorporados por este motivo como unha enerxía renovable máis, de cara ao cumprimento dos obxectivos establecidos no seu Paquete Verde pola Unión Europea.

O establecemento dun tributo como o proposto parece ter por iso un carácter meramente recaudatorio, xa que nin sequera se desprende da súa formulación ningunha vontade de reparar o suposto dano medioambiental que puidesen causar os encoros. Proba diso é a non afectación exclusiva e específica da recadación do imposto á reparación dos supostos danos ambientais causados, pois os ingresos efectivamente obtidos pódense destinar a financiar actuacións e medidas encamiñadas á prevención e protección dos recursos naturais, así como á conservación, reparación e restauración do medio en xeral. Iso quere dicir que a recadación así obtida non se destina especificamente á posible reparación do dano ambiental nos concretos ríos do patrimonio natural fluvial galego nos que hai encoros, cos requisitos establecidos no art. 6.2,

isto é, a recadación así obtida podería destinarse á reparación de danos ambientais causados por outros axentes, o cal non se compadece cos motivos e fins perseguidos pola norma proxectada.

c) Vulneración das esixencias constitucionais aplicables aos tributos (art. 31 CE).

Debe recordarse que a creación dun novo tributo debe respectar as esixencias constitucionais aplicables a estes:

- Principio de xeneralidade.
- Principio de capacidade económica.
- Principio de xustiza, igualdade e progresividade.
- Principio de non confiscatoriedade.

O anteproxecto é discriminatorio e contrario ao principio de xeneralidade pola distinción que realiza segundo o uso, gravando unicamente determinados usos e actividades.

Por outra banda, pode considerarse confiscatorio ao comparalo con outras medidas impositivas, xa establecidas ou en proxecto nalgunhas outras comunidades autónomas; se compararmos a aplicación resultante das devanditas medidas fronte ao gravame contido no anteproxecto, este gravaría as devanditas instalacións:

- case 6 veces máis que o canon da auga, establecido no Decreto legislativo de Cataluña 3/2003.
- 2,5 veces máis que o imposto da auga, incluído no borrador de Anteproxecto de lei de Andalucía de xestión do ciclo integral da auga e medidas de fiscalidade da auga, actualmente en tramitación.
- 4 veces máis que o imposto sobre instalacións que incidan sobre o medio, creado pola Lei de Extremadura 7/1997, e que foi posteriormente declarado inconstitucional.

Adicionalmente, en ningunha das devanditas normativas se realiza un trato específico e discriminatorio exclusivamente sobre determinadas actividades e usos, como o pretendido co Anteproxecto de lei de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2008

ANEXO

ANTEPROXECTO DE LEI DO IMPOSTO SOBRE O DANO MEDIOAMBIENTAL CAUSADO POR DETERMINADOS USOS E APROVEITAMENTOS DA AUGA EMBALSADA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galicia outorga á Comunidade competencia exclusiva en materia de normas adicionais sobre protección do medio ambiente, nos termos establecidos no número trinta do seu artigo 27.

No exercicio da indicada competencia, foron aprobadas, entre outras disposicións, as leis do Parlamento de Galicia de Protección Ambiental, Lei 1/1995, do 2 de xaneiro; Lei de Protección contra a contaminación acústica, Lei 7/1997, do 11 de agosto; Lei de Conservación da natureza, Lei 9/2001, do 21 de agosto; de Protección do ambiente atmosférico de Galicia, Lei 8/2002, do 18 de decembro.

Recentemente, a Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a Protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos, declarou, como interese prioritario de Galicia, a conservación do patrimonio natural fluvial, que inclúe a biodiversidade da flora e da fauna dos ríos galegos, establecendo así mesmo, a obriga das Administracións públicas galegas de garantir a súa protección, conservación e mellora.

A conservación do medio ambiente e a utilización racional dos recursos naturais situados no territorio da Comunidade Autónoma, configúranse como principios básicos para impulsar un crecemento económico sostible.

A Comunidade Autónoma de Galicia dispón de potestade para establecer e esixir tributos propios, segundo establecen os artigos 133 e 157 da Constitución e o artigo 51 do Estatuto de Autonomía.

As Leis 8/1993, do 23 de xuño, e 12/1995, do 29 de decembro, reguladoras da Administración Hidráulica de Galicia, e do imposto sobre a contaminación atmosférica, respectivamente, incorporaron ao ordenamento xurídico os correspondentes instrumentos económicos para facer efectiva a defensa, conservación e protección do medio ambiente, no que se refire aos vertidos que afectan á calidade das augas e á emisión de substancias contaminantes. Neste marco, a presente Lei dota aos poderes públicos dun novo instrumento que contribuirá a preservar o patrimonio fluvial de Galicia, que constitúe, como xa se sinalou, un recurso natural de interese prioritario para a comunidade.

Por isto, o presente imposto somete a tributación os efectos medioambientais causados sobre a flora e a fauna dos cauces dos ríos, sobre a calidade das augas e sobre as ribeiras e os valles asociados ao ecosistema fluvial, como consecuencia da realización de determinadas actividades que empregan augas embalsadas.

A presente lei propón pois, unha actuación tendente á mellora do medio ambiente, cando o dano é producido por unha actividade industrial que utiliza auga embalsada, creando un imposto que incide na correcta atribución dos custes aos seus xeradores, custes que actual-

mente son soportados pola colectividade e coa expresa finalidade de paliar os efectos negativos que se producen. Estes efectos son producidos tamén pola realización doutras actividades que utilizan auga embalsada, para as que a lei establece a non suxeición, precisamente polas específicas características deses usos xunto a condicións de utilidade pública xeneralizada, que fan que non se considere oportuna unha específica tributación ecolóxica sobre eles, sendo, neste caso, asumidos os custos ocasionados con carácter xeral pola colectividade.

A determinación da base establécese a partir de magnitudes obxectivas directamente relacionadas co impacto medioambiental, de xeito que non quedan suxeitas aquelas actividades cuxa realización provoca unha alteración reducida. Os tipos de gravame establécense en atención á alteración ocasionada no medio natural, graduando a cuota resultante.

En liña co exposto, considerouse como parámetro máis axeitado a capacidade volumétrica do encoro, tomando en consideración para a determinación do tipo de gravame, o salto bruto, factor que vai incrementar a cuota tributaria pola súa directa vinculación co maior efecto medioambiental negativo provocado polos desembalses e, de ser o caso, a potencia das instalacións destinadas á xeración de enerxía eléctrica, factor que vai minorar a cuota, en función do mellor aproveitamento enerxético da auga ante un mesmo impacto medioambiental negativo.

En definitiva, o imposto somete a gravame as actividades e instalacións que orixinan un impacto negativo sobre o medio natural fluvial, quedando obrigados ao pagamento aqueles que materialmente realizan a actividade á que están afectos os devanditos elementos patrimoniais en cuxa regulación se introducen elementos que discriminan a intensidade da carga tributaria en función do maior ou menor impacto medioambiental da actividade, incentivando, de ser o caso, a mellora no aproveitamento enerxético.

A lei estrutúrase en 21 artigos, contidos en tres capítulos que, respectivamente, recollen as disposicións xerais, os elementos do imposto e as normas para a súa aplicación.

CAPÍTULO I. Disposicións Xerais

Artigo 1.- Finalidade do Imposto.

O imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada, ten como finalidade, por unha banda, compensar os efectos negativos a que se encontra sometido o entorno natural de Galicia pola realización de actividades que afectan ao seu patrimonio fluvial natural e, pola outra, reparar o dano medioambiental causado polas devanditas actividades.

Artigo 2.- Natureza e obxecto.

O imposto establecido pola presente Lei, é un tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, de natureza real e finalidade extrafiscal, que somete a gravame o dano medioambiental causado pola realización de determinadas actividades que utilizan auga embalsada.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación.

O Imposto será de aplicación ás actividades e aproveitamentos que utilicen encoros que estean situados en todo ou en parte no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4. Afectación da recadación.

Os ingresos efectivamente obtidos pola recadación deste tributo, deducidos os custos de xestión, destinaranse financiar as actuacións e medidas encamiñadas á prevención e protección dos recursos naturais, así como á conservación, reparación e restauración do medio ambiente e, en especial, á conservación do patrimonio natural fluvial galego directa ou indirectamente afectado polos danos medioambientais gravados.

As leis de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia poderán establecer os criterios de afectación dos ingresos recadados por este imposto.

Artigo 5.- Normativa aplicable.

O imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada, rexerase polas disposicións da presente Lei e polas normas regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento, e, no non previsto nelas, polo disposto nas disposicións xerais en materia tributaria.

CAPÍTULO II. Elementos do Imposto

Artigo 6.- Feito Impoñible.

1.- Constitúe o feito imponible a realización de actividades industriais mediante o uso ou aproveitamento da auga embalsada, cando o devandito uso ou aproveitamento, altere ou modifique substancialmente os valores naturais dos ríos, e, en especial, o caudal e velocidade da auga no seu cauce natural.

2.- Entenderase que alteran e modifican substancialmente os valores naturais dos ríos, as actividades industriais que empreguen augas embalsadas mediante presas que reúnan algunha das seguintes condicións:

a) que a súa altura supere os 15 metros, medida dende a parte máis baixa da superficie xeral de cementación ata a coroación, ou

b) que a súa altura estea comprendida entre 15 e 10 metros, sempre que reúna algunha das seguintes características:

- b.1) lonxitude de coroación superior a 500 metros
- b.2) capacidade de embalsar máis dun millón de metros cúbicos de auga
- b.3) capacidade de vertido superior a 2.000 metros cúbicos por segundo.

Artigo 7. Supostos de non suxeición.

Non estará suxeita a este imposto a realización das actividades que, empregando augas embalsadas, se enumeran a seguir:

- a) abastecemento de poboacións
- b) actividades agrarias
- c) acuicultura
- d) actividades recreativas
- e) navegación e transporte acuático

Artigo 8. Período impositivo e devengo.

1. O período impositivo coincidirá co trimestre natural.
2. O devengo producirase o último día do trimestre natural, salvo no caso de extinción da concesión, que coincidirá con esta data.
3. Sen prexuízo do disposto no punto 1, nos casos de nova concesión ou extinción desta, o período impositivo entenderase polo período existente entre a data da nova concesión e o devengo, no primeiro caso, e, entre o primeiro día do trimestre natural e o devengo, no segundo.

Artigo 9. Suxeito pasivo.

Serán suxeitos pasivos en calidade de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que realicen calquera das actividades sinaladas no artigo 6 desta Lei.

Presumirase, salvo proba en contrario, que a actividade industrial é realizada pola persoa ou entidade que figure como titular da correspondente concesión de aproveitamento para uso industrial.

Se o suxeito pasivo non coincidira co titular da concesión, este terá carácter de responsable solidario.

Artigo 10. Base imponible.

1. Constitúe a base imponible a capacidade volumétrica máxima do encoro que estea ubicado na súa totalidade ou en parte no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, medida en Hm³.
2. No caso de encoros para os que a auga embalsada se estenda máis alá do límite territorial da Comunidade Autónoma, a base imponible estará constituída pola parte da capacidade que corresponda ás augas situadas no territorio galego.
3. No suposto de que un ou máis aproveitamentos gravados compartiran un mesmo encoro, a base correspondente a cada un deles determinarase en proporción aos caudais concedidos.

Artigo 11. Cuota Tributaria e tipo de gravame.

1.- A cuota tributaria do imposto determinarase por aplicación do tipo de gravame trimestral, 800 € por Hm³, á base imponible.

2.- A cuota resultante obtida conforme ao apartado anterior, multiplicarase polo coeficiente $(1 + a - b)$ en función do salto bruto do aproveitamento e, de ser o caso, da potencia instalada do aproveitamento hidroeléctrico segundo os títulos concesionais e/ou autorizacións correspondentes, onde:

$a =$ será o resultado de aplicar a seguinte escala ao salto bruto medido en metros dende o punto de toma e, no seu defecto, dende o punto de coroación do encoro, ata o punto de restitución e, no seu defecto, ata o leito do encoro:

<u>Tramos do salto bruto</u>	<u>Por cada metro</u>
Ata 30 m	0,0001
De 30 ata 100 m	0,0005
De 100 ata 300m	0'001
De 300 ata 600m	0,01
De 600 m en adiante	0,04

b = será o resultado de aplicar, de ser o caso, a seguinte escala, á potencia instalada do aproveitamento, medida en Mw.

<u>Tramos de potencia</u>	<u>Por cada Mw</u>
Ata 200 Mw	0,0005
De 200 Mw en adiante	0,001

A aplicación do coeficiente anterior non poderá supoñer, de ser o caso, unha redución superior ao 25% da cuota inicial.

Capítulo III. Xestión do tributo.

Artigo 12. Normas de aplicación.

A Consellería competente en materia de Facenda aprobará as normas de aplicación do tributo.

Artigo 13. Declaración inicial.

Para os efectos de aplicación do imposto, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar unha declaración inicial mediante os modelos que se aproben pola consellería competente en materia de facenda.

Do mesmo xeito, están obrigados a presentar unha modificación da declaración inicial, cando varíen os datos declarados á Administración.

Artigo 14. Autoliquidación.

Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación do imposto, determinando a débeda tributaria correspondente e ingresando o seu importe mediante os modelos que se aproben pola consellería competente en materia de facenda.

Artigo 15. Prazos e lugar de presentación.

1. A declaración inicial á que se refire o artigo 13 deberá presentarse xunto á primeira autoliquidación que corresponda.

2. A declaración de modificación á que se refire o artigo 13 deberá presentarse nos 20 pri-

meiros días naturais a contar dende o momento no que se produza a modificación.

3. As autoliquidacións ás que se refire o artigo 14 deberán presentarse nos 20 primeiros días naturais a contar dende a data de devengo.

4. As declaracións e autoliquidacións anteriores deberán presentarse ante a delegación competente consonte co sinalado no artigo 20.

Artigo 16. Utilización de tecnoloxías informáticas e telemáticas.

A Consellería competente en materia de facenda poderá dispoñer que as declaracións e autoliquidacións do imposto se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, de ser o caso, se aproben.

Así mesmo, poderá dispoñer a obriga da súa presentación e pagamento mediante medios telemáticos.

Artigo 17. Liquidacións provisionais.

Os órganos da administración tributaria poderán ditar a liquidación provisional que proceda de conformidade co disposto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 18. Potestade sancionadora.

A potestade sancionadora en materia tributaria exercerase conforme aos principios reguladores da mesma en materia administrativa e coas especialidades contempladas na Lei Xeral Tributaria, sendo de aplicación as disposicións xerais contidas nela.

A clasificación das infraccións e sancións tributarias e o procedemento sancionador tributario rexeranse polo establecido na Lei Xeral tributaria e demais disposicións que a desenvolvan e complementen.

Artigo 19. Revisión.

Os actos e actuacións de aplicación deste tributo, así como os actos de imposición de sancións tributarias serán revisables conforme coas disposicións contidas na Lei Xeral Tributaria.

O coñecemento das reclamacións económico administrativas corresponderá con exclusividade aos órganos económico- administrativos da Comunidade Autónoma, sen prexuízo da vía contenciosa.

Artigo 20. Órganos competentes.

O exercicio das funcións de aplicación e de revisión do imposto, así como o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria, corresponderá aos órganos competentes da administración tributaria da Consellería competente en materia de Facenda.

A competencia territorial atribuirase á delegación territorial da administración tributaria en cuxo ámbito territorial se estenda a totalidade ou, de ser o caso, a maior parte do auga embalsada.

Artigo 21. Órganos de colaboración.

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, os órganos administrativos competentes nas materias de medio ambiente, enerxía, augas e industria, auxiliarán aos órganos de aplicación deste tributo e colaborarán con eles, no marco das súas respectivas competencias, a efectos da comprobación e investigación do tributo, mediante, entre outras actuacións, a elaboración de informes a petición deles, a expedición de certificados oficiais dos datos necesarios para a liquidación do tributo e/ou mediante a cesión informática dos datos sinalados.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.- Modificación da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica.

Modifícase a redacción do artigo 15, que quedará redactado do seguinte modo:

"Artigo 15. Liquidación e ingreso.

Os suxeitos pasivos están obrigados, na forma e nos prazos que se establezan regulamentariamente para o efecto, a liquidar e ingresar o imposto que corresponda a tódolos focos de emisión dos que sexan titulares.

A consellería competente en materia de facenda poderá dispoñer que as declaracións e autoliquidacións se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, de ser o caso, se aproben.

Así mesmo, poderá dispoñer a obriga da súa presentación e pagamento mediante medios telemáticos."

Segunda.- Habilitación para a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma poderá modificar calquera elemento do imposto.

Terceira.- Habilitación normativa

Autorízase á consellería competente en materia de facenda para desenvolver regulamentariamente esta Lei mediante orde.

Cuarta.- Entrada en vigor

A presente Lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o tributo comezará a esixirse a partir do primeiro trimestre natural que dea comezo trala súa entrada en vigor.



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org